

“The terror of Villadonga” ou “O bicho da charca”: Aclarando un misterio

E.A.V.

Os lectores asiduos deste boletín *CROA* lembrarán que no pasado número 9 (1999, p.39) faciamos referencia á posibilidade de que un escritor inglés, Geoffrey Household, houbera baseado neste xacemento de Viladonga unha parte da súa novela *The Spanish Cave* (“A Cova española”, subtitulada na súa primeira edición como *The terror of Villadonga*, “O terror de Villadonga”) (Fig. 1).

Despois daquela referencia, obtivemos varios e novos datos, non tanto sobre o autor e a novela, pero si a propósito do topónimo Viladonga que puido servir de inspiración para Household, e que, en calquera caso, permiten aclarar, anque sexa pola vía negativa, aquela posibilidade de que o Castro aparecese na obra de Household.

A través de José Antonio Ron Tejedo, e tamén por medio das noticias e publicacións da Mesa prá Defensa do Galego de Asturias (MDGA), tivemos coñecemento, en primeiro lugar, da existencia dun topónimo Viladonga/Villadonga, que denomina un barrio ou casarío da parroquia de Santiago de Abres, pertencente administrativamente a Asturias pero xeográfica e culturalmente ó ámbito galaico das ribeiras do río Eo. Ademais, soubemos da publicación de Cándido Sanjurjo Fernández (do mesmo Santiago de Abres) *Entre Fonte y el mar. Apuntes sobre el río Eo*,

editada pola Consejería de Cultura do Principado de Asturias en 1996, e que xa figura na biblioteca do Museo do Castro de Viladonga, xunto con varios números da revista *A Freita* (da MDGA), todo gracias á moi estimable colaboración, que moito agradecemos, do citado Antonio Ron.




Fig. 1

Pois ben, amais da presenza do topónimo Viladonga en Abres, recóllese naquela publicación un capítulo dedicado a “El bicho de la Charca”, descrito (e ata recreado nun debuxo) como unha especie de grande lagarto, cobra ou anfibio indeterminado e monstroso que semellaba acaer perfectamente á ficción de G.

Household, posto que incluso na portada da súa novela citada, aparecía un dragón mariño ou bicha similar. Todo apuntaba a que o autor inglés pasara polo Viladonga de Abres e tomara as noticias do monstro, poñéndoo en relación coa banda costeira astur-cantábrica onde el sitúa a acción principal da súa obra *The Spanish Cave*, reconstruíndose así a xénese desta novela e, ó propio tempo, desbotando a posibilidade de que se tratase da cova ou galería situada á entrada do Castro de Viladonga, que era o que “queríamos supoñer” no anterior número de *CROA*.

Pero velaquí que, postos en contacto co citado autor Cándido Sanjurjo, este, moi rápida e amablemente, poñíanos na realidade histórica e etnográfica de Viladonga (de Abres) e o seu Bicho da Charca, tema ó que lle dedica un capituliño naquela súa publicación (*Entre Fonte y el mar...*, p.181-185) (Fig. 2).

En primeiro lugar, hai que facer constar que o barrio de Santiago de Abres denominado Viladonga, sito un pouco por riba da igrexa parroquial e por baixo do amurallado “castillo” de O/El Pival, aparece en diversos documentos medievais do Mosteiro de Vilanova de Oscos ou D’Ozcós que se gardan no Archivo Histórico Nacional de Madrid, concretamente en vendas e doazóns datadas entre 1174 e 1276, entre outras. A este

Viladonga deben facer referencia así mesmo as mencións que figuran en documentos da Catedral de Mondoñedo, que tradicionalmente se veñen vinculando na bibliografía a Viladonga de Castro de Rei, cando moi probablemente se trate deste Viladonga de Abres.

Por outra parte, Sanjurjo desbota toda posibilidade de que o conto/lenda do Bicho da Charca teña demasiadas connotacións etnográfico-míticas, pois o atribúe a inventos relativamente modernos, que sitúa na posguerra española e aínda en tempos posteriores, con posibles finalidades lúdico-festivo-eróticas. Con esto, e para maior desencanto, imposibilitábase así cronoloxicamente que o inglés Household se baseara en tal lenda, pois a primeira edición da súa novela viu a luz precisamente en 1936, antes de que callara en determinados ámbitos de Abres o conto do Bicho da Charca. A maior abundamento, incluso é posible que Household se “inventara” para a súa novela o topónimo de Villadonga a partir,




Fig. 2

por exemplo e plausiblemente, dunha mistura entre Villa[viciosa] e [Cova]donga, lonxe de saber que existía lugares reais, ben é certo que menos coñecidos, co nome de Villadonga/Viladonga.

En fin, que se non aparecen novos e sorprendentes datos sobre o autor inglés, ou sobre o animal falsamente mítico de Abres, queda pechado o caso do “terror de

Viladonga” e, de calquera xeito, semella que o Castro de Viladonga non ten nada que ver co asunto, debendo conformarse, e xa non é pouco, co seu propio folclore arqueolóxico (que no seu día - 1974- recollera Felipe Senén López, vid. *CROA*, 7, 1997, p.6-9).